

## **A UNIÓN EUROPEA, ESPAÑA E GALICIA**

### **1.- A organización política da Unión Europea.**

É unha organización supranacional, polo que os estados membros ceden parte do seu goberno a outros organismos que afectan a máis dunha nación.

O seu obxectivo é lograr un crecemento intelixente, baseado no coñecemento, a innovación e a tecnoloxía; sostible, facendo un uso responsable dos recursos; e integrador, evitando desigualdades entre persoas e entre territorios.

#### **1.1.- Institucións.**

##### **- Consello Europeo.**

Función: define a orientación e as prioridades políticas da UE.

Membros: Xefes de Estado ou de Goberno dos países membros.

Presidente: Donald Tusk.

Sede: Bruxelas.

##### **- Parlamento Europeo.**

Función: elabora a lexislación e os presupostos da UE. Decide sobre ampliacións e sobre acordos internacionais.

Membros: 751 eurodeputados, distribuídos por países segundo a súa poboación.

Presidente: Antonio Tajani.

Sedes: Estrasburgo, Bruxelas e Luxemburgo.

Condicións para constituír un eurogrupo: contar como mínimo con 25 membros. Representar unha cuarta parte dos estados membros. Cada eurodeputado non pode pertencer a máis dun grupo político.-

##### **- Consello da Unión Europea.**

Función: representar aos Gobernos do Estados membros, adoptar a lexislación europea e coordinar as políticas da UE.

Membros: ministros de cada país membro, en función do tema a tratar.

Presidente: rotativo, cada seis meses.

Sede: Bruxelas.

##### **- Comisión Europea.**

Función: velar polos intereses xerais da UE propoñendo e comprobando que cumpra a lexislación e aplicando as políticas e o presuposto da UE.

Membros: un comisario por cada país.

Presidente: Jean-Claude Juncker.

Sede: Bruxelas.

##### **- Tribunal de Xustiza da Unión Europea.**

Función: Garantir que a lexislación se aplique por igual en todos os países membros, e que todos cumpran a lexislación da UE.

Membros: un xuíz por cada país membro e 11 abogados xenerais.

Sede: Luxemburgo.

##### **- Banco Central Europeo.**

Función: xestionar o euro, manter a estabilidade dos prezos e levar adiante a política económica e monetaria da UE.

Presidente: Mario Draghi.

Membros: Presidente e vicepresidente do BCE e gobernadores dos bancos centrais nacionais de cada país membro.

Sede: Fráncfort.

**2.- A organización territorial da Unión Europea.** (Neste apartado debes estudar o mapa político da Unión Europea, localizar todos os países e coñecer o ano de incorporación á UE).

### **3.- A organización política de España.**

España constitúese como un Estado democrático a través da Constitución de 1978.

#### **3.1.- Símbolos.**

A bandeira compónse de tres franxas. A superior e a inferior son de cor vermella, mentres que a central, co dobre de ancho das anteriores, e amarela gualda.

No escudo atópanse os símbolos dos reinos históricos da Península Ibérica (Castela, León, Aragón e Navarra). No centro, o escudo dos Borbóns, e na parte inferior, o símbolo de Granada. Aos lados, as columnas de Hércules representan o Estreito de Xibraltar, confín do mundo coñecido para os gregos, coa lenda “plus ultra”. No centro, a Coroa Real. En cada unha das columnas, outras dúas coroas representan novamente a coroa real, a dereita, e a coroa imperial, a esquerda.

O himno é a Marcha Real ou Marcha de Granadeiros.

A Constitución recoñece a posibilidade de que cada Comunidade Autónoma teña os seus propios símbolos.

#### **3.2.- Institucións.**

A soberanía reside no pobo, que a delega en representantes a través do sufraxio universal, directo e secreto<sup>1</sup>.

O poder lexislativo está controlado polas Cortes Xerais, que en España se compoñen de dúas cámaras: a cámara alta, ou Senado (art. 69 da Constitución), e a cámara baixa, ou Congreso dos deputados(art. 68 da Constitución)<sup>2</sup>.

O poder executivo, pola súa banda, está controlado polo Goberno, integrado polo presidente, os vicepresidentes e os ministros.

Por último, os tribunais de xustiza exercen o poder xudicial. Son independentes dos outros poderes.

### **4.- A organización territorial de España.**

En España, o territorio divídese en municipios, provincias e comunidades autónomas.

O municipio é a entidade territorial básica (art. 140 da Constitución). Está gobernado polo Concello, integrado polo alcalde e os concelleiros. En Galicia existen entidades con personalidade propia inferiores aos municipios: as parroquias; tamén se poden formar divisións administrativas superiores ao municipio pero inferiores á provincia, que serían as mancomunidades, integradas pola asociación de varios municipios.

A provincia é unha agrupación de municipios (art. 141 da Constitución). Está gobernada pola Deputación Provincial no territorio peninsular, mentres que nos insulares existen outras institución especiais, como os Consellos ou os Cabidos.

A Comunidade Autónoma está formada por provincias limítrofes, inda que tamén poden ser territorios insulares ou comunidades uniprovinciais (art. 143 da Constitución). O poder executivo queda en mans do Consello de Goberno, mentres que o lexislativo é exercido polo Parlamento autonómico.

---

1 Aquí cabe lembrar a diferenza entre sufraxio universal e censatario, ou directo e indirecto, que comentamos en clase.

2 Tamén debes saber o número de representantes que hai en cada cámara, como se escollen, a quen representa cada unha delas, e cal é a súa duración.